



## BASES ESPECÍFICAS QUE REXERAN A CONCESIÓN DE AXUDAS Á INSERCIÓN SOCIAL E EMERXENCIA SOCIAL

### 1. FUNDAMENTACIÓN

A Declaración Universal de Dereitos Humanos, do 10 de decembro de 1948, no seu artigo 25.1 afirma que todos e todas terán dereito a un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.

O artigo 39 da Constitución Española de 1978 fai constar a obrigatoriedade dos poderes públicos no relativo á protección social, económica e xurídica da familia ademais de especificar no artigo 41 “ Los poderes públicos mantendrán un réximen público de Seguridad Social para todos los ciudadanos que garantice la asistencia y prestaciones sociales suficientes ante situaciones de necesidad, especialmente en caso de desempleo. La asistencia y prestaciones complementarias serán libres”. A Constitución Española atribúe a competencia en materia de asistencia social a través do artigo 148.1.20, que no caso de Galicia e no marco do seu Estatuto de Autonomía asume como propia e de promulga a lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.

Especial referencia debemos facer no caso dos menores e así o artigo 39. 4 “ Los niños gozarán de la protección prevista en los acuerdos internacionales que velan por sus derecho” engadindo o previsto na lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil no artigo 10.3 “ Los menores extranjeros que se encuentren en España tienen derecho a la educación, asistencia sanitaria y servicios y prestaciones sociales básicas, en las mismas condiciones que los menores españoles.”

A Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, establece como un dos obxectivos do sistema galego de SS.SS, según o artigo 3.a) “Facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas personas que se encuentran en situación o en riesgo de exclusión social” así como puntualiza no referente a titularidade do dereito de acceso aos servizos sociais, artigo 5. 3. Ademais, terán dereito ás prestacións e servizos regulados na presente lei todas aquelas persoas que, sen estar nos supostos anteriores, se atoparan en estado de necesidade ou en situación de emerxencia social ou humanitaria. Compre sinalar que a mencionada lei estrutura o sistema en dous niveis de atención sendo un deles os servizos sociais comunitarios básicos; artigo 10 “1. Os servizos sociais comunitarios básicos teñen un carácter local, aberto e polivalente e constitúen a vía normal de acceso ao sistema de servizos sociais, garantindo a universalidade do sistema e a súa cercanía ás persoas usuarias e os ámbitos familiar e social.

2.Os servizos sociais comunitarios básicos se desenvolverán dende os centros de servizos sociais polivalentes por medio de equipos interdisciplinares e coa estrutura organizativa que se establezca pola administración titular do servizo, sin perxuízo dos requisitos e dotacións mínimas que reglamentariamente se determinen” .

Define as prestacións económicas no artigo 21 do seguinte modo “ Son prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais as aportacións en diñeiro, de carácter periódico ou de pago único, que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social, así como garantir o coidado de persoas con limitacións na súa autonomía personal no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía personal e atención ás persoas en situación de dependencia. E no artigo 21.2. Teñen a consideración de prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais as seguintes: b) As axudas de emerxencia e necesidade social “ .

Por último sinala no artigo 48 “ Os concellos poderán elaborar a súa propia planificación que, no marco da planificación estratéxica, a complemente no se seu ámbito territorial, a través dos planes ou programas de servizos sociais municipais. “

Por outra banda é o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación onde se establecen os programas dos mesmos e se especifica no artigo 9.1. “Os servizos sociais comunitarios básicos desenvolverán as funcións enumeradas no artigo anterior, de maneira estruturada, por medio dos programas e servizos seguintes: (...) d) Programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar o recurso idóneo ás persoas en situacións de risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Se inclúen nesta categoría os proxectos expresamente dirixidos ao desenvolvemento, promoción e integración da comunidade gitana e outras minorías étnicas. “





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

As prestacións que emanan destas bases constitúen un recurso dentro do Traballo Social orientado á promoción das persoas e das familias, especialmente das mais vulnerables e con risco de exclusión social. Estas axudas económicas deben e teñen que ser consideradas como un instrumento e non como un fin en si mesmas, debendo servir de recurso para facilitar a integración social das persoas.

É o momento de que os poderes públicos deixen de ser simples observadores, e actuar positivamente a favor dos que quedan ou están en risco de quedar ao marxe da sociedade e crear as condicións para que todas as persoas gocen dunha real igualdade de oportunidades así como poñer en marcha mecanismos e ferramentas que contribúan á desaparición desas situacións e que van a requerir a participación e coordinación doutros departamentos municipais.

### 2. OBXECTO DAS AXUDAS

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de axudas ou subvencións co obxectivo de satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias que se atopen en situacións carenciais, así como estimular a súa incorporación social e laboral.

As axudas para a inserción social e para emerxencias sociais constitúen unha prestación económica de carácter urxente e extraordinario, destinada a paliar situacións carenciais e transitorias imprevistas ou excepcionais, así como para previr o agravamento das mesmas.

### 3. BENEFICIARIOS/AS

Poderán beneficiarse das axudas de emerxencia social persoas individuais para sí ou para a súa unidade familiar. Entenderase por unidade familiar a formada por máis dunha persoa cuos membros, ademais de convivir no mesmo domicilio, estén unidos por relación conxugal ou análoga, adoptiva ou de consanguinidade ata segundo grao ou afinidade en primeiro grao.

Son titulares do dereito ás prestacións económicas, ata o momento e nos límites económicos que o permitan as consignación orzamentais acordadas para ditas prestacións, os/as veciños/as que reúnan os requisitos esixidos e cumpran co establecido nas presentes bases.

### 4. REQUISITOS

- 1.Ser maior de idade ou menor emancipado/a.
- 2.Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva no concello de Nigrán cunha antelación mínima de 6 meses no momento da solicitude.
- 3.Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nas presentes bases.

Non se poderá acceder a estas axudas:

1. Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas anteriormente nos prazos establecidos en función da forma de pagamento.





## 5. CÓMPUTO DE INGRESOS

Para poder beneficiarse das axudas ás que se refiren as presentes bases, os ingresos económicos das unidades familiares en función do número de membros das mesmas non poderán superar en ningún caso os límites establecidos na seguinte táboa, tomando como referencia o IPREM e incrementándose nun 25% no caso de familias de dous, un 35% en familias de 3 e 4 membros respectivamente e nas de 5 membros en diante un 40% tamén respectivamente, segundo se reflexa na seguinte taboa:

1 membro .....	564,90 €/mes
2 membros.....	706,12 €/mes
3 membros.....	903,83 €/mes
4 membros.....	1101,54 €/mes
5 membros .....	1327,5 €/mes
6 membros.....	1553,46 €/mes
7 membros.....	1779,42 €/mes
8 membros.....	2005,38 €/mes

Ás anteriores contías aplicarase a variación do IPREM que anualmente corresponda.

## 6. DETERMINACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS

1. Para determinar os ingresos por debaixo dos cales poderá procederse ao recoñecemento das axudas, teranse en conta os ingresos de toda a unidade familiar:
2. Computaranse como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outra, nos 3 meses anteriores á data de solicitude.
3. No caso de existencia de recursos dinerarios depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada. Así mesmo terase en conta o saldo medio das contas correntes de toda a unidade familiar.
4. Para o computo final dos ingresos descontaranse os alugueres e hipoteca da vivenda, ata un máximo de 300 euros ao mes .

## 7. GASTOS SUBVENCIONABLES

As axudas de emerxencia social poderán ser aplicadas aos gastos orixinados polas seguintes situacións de necesidade, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección:

- a) Dificultade de continuar no uso e goce da vivenda habitual e de xeito particular para afrontar os gastos que permitan o dereito ao uso da mesma, como o pago de pensión ou habitación, aluguer, hipoteca, pago da fianza e primeira mensualidade para aluguer da vivenda e pago de gastos de comunidade e necesidades orixinadas polo desaloxo da vivenda habitual. Así como estancias temporais en centros residenciais ou establecemento hoteleiro, cando non sexa viable outra forma de aloxamento por situación puntual e grave emerxencia ou necesidade.
- b) Carencia de medios económicos para conservar as condicións de habitabilidade ou para adquirir o equipamento da vivenda habitual, como traslado de mobles, acometida da auga, alcantarillado, mobiliario básico (camas, mesas, cadeiras, etc.); electrodomésticos (frigorífico, lavadora, cociña, etc.); acondicionamento sanitario (ducha, baño, etc.) e reparacións e/ou reformas en xeral.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

c)As necesidades consistentes en cubrir con carácter urxente as atencións primarias do/a beneficiario/a ou da unidade familiar como: alimentación, produtos de hixiene e limpeza, vestido,luz, gas, gasóleo, auga, leña, pago de servizos de restauración restrinxido aos casos nos que a persoa usuaria, polas súas circunstancias ou as do seu contorno , non poida preparar os alimentos por si mesma, etc.

d) Tratamentos de odontoloxía, ortesis, lentes, audífonos, axudas técnicas e gastos farmacéuticos, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección e conste a súa prescripción médica.

e) Gastos de transporte derivados de actividades formativas, de fomento da inserción ou por asistencia a tratamentos terapéuticos necesarios para garantir procesos de inserción social non cuberto o gasto por outras Administracións Públicas ou entidades con ou sen ánimo de lucro e, compatible co uso da tarxeta metropolitana ou similar.

f) Excepcionalmente, situacións de necesidade orixinadas por circunstancias que poñen en perigo a convivencia familiar ou a integración social dos/as beneficiarios/as e que non están comprendidas nos supostos anteriores.

### 8. CONTÍA DAS AXUDAS

1.O importe das axudas modularase atendendo ao concepto concreto da necesidade, á consecución do obxectivo de satisfacer ou axudar a cubrir a necesidade, ao gasto necesario para satisfacela, á situación socioeconómica do/a solicitante.

2.Con carácter xeral, a un máximo de dúas axudas de emerxencia ao ano. Sen prexuízo do anterior, en supostos de excepcional gravidade, o/a concelleiro/a delegado/a competente en materia de servizos sociais poderá propor incrementar o numero de axudas para atender convenientemente a necesidade sobrevida, sempre que posteriormente estea debidamente xustificado e avaliado no informe técnico.

3.O importe máximo das axudas en función dos gastos susceptibles das mesmas establecidas no punto 7 son:

- Para os conceptos contidos no punto 7.a: ata un máximo de 450€ por axuda.
- Para os conceptos contidos no punto 7.b: ata un máximo de 1000€ por axuda.
- Para os conceptos contidos no punto 7.c: en unidades familiares de 1 a 2 membros ata un máximo de 50% IPREM por axuda, en unidades familiares de 3 a 4 membros ata un máximo de 80% IPREM por axuda e en unidades familiares de 5 ou mais membros ata un máximo de 120% IPREM por axuda.
- Para os conceptos contidos no punto 7.d : ata un máximo de 500 € por axuda.
- Para os conceptos contidos no punto 7.e : ata un máximo de 50% IPREM vixente nese ano por axuda.
- No caso de situacións susceptibles de inclusión no apartado 7.e, o importe da axuda será determinada e motivada no informe técnico, sen superar os 1200€.

### 9. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As axudas ás que fan referencia estas bases son compatibles coa percepción doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos, pero o conxunto das axudas recibidas en ningún caso pode superar o 100% do custo da axuda subvencionada á persoa beneficiaria. No caso de superar este límite deberase reducir o importe da axuda.





## 10.PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao Sr. Alcalde e presentaranse a través do rexistro xeral do Concello, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. As solicitudes presentaranse cumprimentando o modelo que se incorpora (ANEXO I), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren nesta ou outras Administracións, así como a información adicional que se considera necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. O prazo de petición manterase aberto durante todo o ano, suxeito, en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ao custo das axudas.

4. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación de todos os membros da familia.

a)Fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiro/a relativa a súa residencia legal en España de toda a unidade familiar.

b)Fotocopia do libro de familia ou documentos acreditativos de acollementos ou tutela.

c)Fotocopia da declaración de I.R.P.F do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, achegarase certificación negativa da Axencia Estatal da Administración Tributaria relativa aos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

d)Certificación actual de haberes emitida pola empresa/s ou nóminas. No seu defecto achegarase xustificación de ingresos dos últimos 3 meses, de cada un dos compoñentes da unidade familiar maiores de 16 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.

e)Certificacións actuais de pensións, prestacións ou subsidios, expedidas polos organismos correspondentes (INEM, Seguridade Social, Xunta de Galicia) de cada un dos compoñentes da unidade familiar.

Nos casos nos que non se podan acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, recadarase a declaración responsable sobre eles (declaración xurada).

f)Certificado de discapacidade e/ou dependencia se fose o caso.

g)Título de familia numerosa.

h)Vida laboral dos maiores de 16 anos.

i)Convenio regulador sobre garda e custodia dos menores e pensión de alimentos.

j)Contrato de aluguer ou último recibo da hipoteca.

k)Denuncia por maltrato ou violencia de xénero ou doméstico, se fose o caso.

l)Extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade familiar correspondentes aos tres meses inmediatamente anteriores á formulación da solicitude.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

m) Nas axudas que impliquen adecuación da vivenda, documento que acredite a propiedade ou alugueiro, e neste suposto autorización do propietario.

n) Presentaranse un mínimo de tres orzamentos detallados do custo do ben ou servizo para cuxo pago se solicite a axuda, no caso de que isto sexa posible.

o) Certificado de conta bancaria.

p) Declaración xurada do solicitante na que indique o IBAN de todas as contas bancarias das que sexa titular e/ou autorizado tanto del como do resto de persoas da unidade familiar ( Anexo II).

### 11. TRAMITACIÓN

A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais e a súa tramitación poderá ter carácter ordinario ou urxente.

Os/as traballadores/as sociais, tendo en conta a situación do/a solicitante, o carácter de necesidade, así como a urxencia da resolución dos problemas que orixina a demanda de axuda de emerxencia social, deberán determinar o procedemento a seguir en cada caso, que deba constar expresamente no informe social.

### 12. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

Tendo en conta o establecido na base 1ª, a finalidade desta axudas de carácter temporal é a de paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación de emerxencia. Ademais terán que estar necesariamente vinculadas a un proceso de intervención social, que inclúa unha análise completa da situación individual e familiar. De acordo co exposto, o procedemento para a concesión das mesmas que se iniciará nos servizos sociais municipais é o seguinte:

1. O procedemento iniciarse a instancia do interesado mediante a presentación da solicitude (ANEXO I) no rexistro xeral do concello nos termos e formas sinaladas na base 10ª ou de oficio naqueles casos que así proceda e se faga constar no informe social.

2. Recibida a solicitude, elaborárase polos/as traballadores/as sociais o informe no que se porá de manifesto a problemática, a demanda, e se o/a solicitante cumpre os requisitos esixidos para recibir a axuda, avaliando a situación de necesidade e o carácter urxente ou ordinario da concesión da axuda, así como a súa contía. O informe remitirase á concellería delegada competente en materia de servizos sociais.

3. No suposto de que a axuda solicitada teña como destino a realización de obras, solicitarase un informe técnico aos servizos municipais competentes referido aos aspectos técnicos e á viabilidade urbanística de aquelas. O eventual outorgamento da axuda non eximirá ao beneficiario da obtención do título habilitante urbanístico que corresponda, circunstancia da que se advertirá expresamente na resolución.

4. O/a concelleiro/a delegado/a competente en materia de servizos sociais, á vista do informe social, ditará unha providencia indicando a continuación da tramitación con carácter urxente ou ordinario ou, no caso de procederse, proporá denegar a axuda económica solicitada.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

5. A resolución que se dite polo órgano competente notificarase ao solicitante, facendo constar a aprobación ou denegación da axuda. No suposto de aprobación, deberá constar a contía concedida, así como os medios de xustificación do gasto.

### 13. FORMA DE PAGO E XUSTIFICACIÓN

1.O importe da axuda librarase mediante pagamento único. O libramento faráselle directamente ao/á beneficiario/a ou á persoa ou entidade suministradora según o especificado no informe técnico. Así mesmo, este informe poderá suxerir que o pago da axuda se realice co acompañamento dalgún traballador/a dos servizos sociais. Cabe a posibilidade de realizar un pago anticipado en situacións excepcionais, que deberá ser xustificado no informe social.

2. No caso dos procedementos tramitados con carácter ordinario, o pago realizarase o máis axiña posible, sen que o prazo poida exceder de máis dun mes dende a data de resolución. No caso dos procedementos tramitados con carácter urxente, o pago realizarase nun prazo máximo de 72 horas dende a data da resolución.

3. Os/as beneficiarios/as das axudas deberán xustificar perante o Concello que as mesmas foron destinadas aos fins para os que foron concedidas. A xustificación da axuda levarase a cabo nun prazo dun mes dende a data de pagamento, mediante a achega de facturas que cumpran os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, ou outros xustificantes ou documentos con valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa. A documentación xustificativa deberá presentarse no rexistro xeral municipal, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 14. SEGUIMENTO DAS AXUDAS

Os servizos sociais municipais levarán a cabo o seguimento da situación de necesidade protexida polas axudas de emerxencia, así como o destino dado ás mesmas; e poderán solicitarlle aos/as beneficiarios/as a información ou documentación necesaria para o exercicio da dita función.

### 15. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar a labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos/as posibles beneficiarios/as.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Comunicar inmediatamente aos servizos sociais do concello calquera cambio de domicilio ou teléfono de contacto.
6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso polo profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

### 16. RÉXIMEN SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polo/a solicitante da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará impedimentos dunha nova solicitude por un período de 2 anos.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### 17. PROTECCIÓN DE DATOS E PUBLICIDADE DAS AXUDAS CONCEDIDAS

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Nigrán e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade obxecto da axuda e as demais actuacións previstas na normativa de aplicación.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Nigrán). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restrición aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

As presentes bases deixan sen efecto as aprobadas en sesión plenaria do 21 de decembro de 2016.





# CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

## ANEXO I SOLICITUDE DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

### SOLICITANTE

Nome e apelidos:  
DNI:  
Data de nacemento:  
Ingresos/Procedencia:  
Enderezo:  
Teléfono:

### UNIDADE FAMILIAR

Nome e apelidos	DNI	D.Nacemento	Parentesco	Ingresos/Procedencia

Aluguer: Si Non Importe:  
Hipoteca: Si Non Importe:

### SOLICITA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O CONCEPTO DE :

Autorizo ao concello de Nigrán a recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información necesaria a estes efectos acerca dos meus ingresos nos exercicios .....

Nigrán, de de .





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### INFORMACIÓN DE INTERESE PARA EXERCITAR OS SEUS DEREITOS

Principios normativos: As solicitudes que se formulen deberán conter o nome e apelidos do interesado e, no seu caso, da persoa que o represente, a identificación do medio electrónico ou, no seu defecto, lugar físico no que se desexa que se practique a notificación, os feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude, o lugar e a data, a sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio, e o órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe. Se a solicitude de iniciación non reúne os anteriores requisitos e os demais que dispoña a lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, subsane a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, dítase resolución téndoo por desistido da súa petición.

Presentación da solicitude A solicitude e documentación anexa presentaranse directamente no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán na Praza da Constitución nº 1, dentro do horario de apertura establecido, ou ben por calquera outro dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), entre eles a sede electrónica do Concello de Nigrán ([sede.nigran.org](http://sede.nigran.org)). En todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos con este Concello a) Persoas xurídicas; b) entidades sen personalidade xurídica; c) Profesionais de colexiación obrigatoria no exercicio da súa actividade profesional; d) Quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica; e) Empregados públicos, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións pola súa condición de empregado público (art. 14.2 LPAC).

Representación: Deberá acreditar que ostenta tal condición mediante poder notarial ou en comparecencia persoal do interesado, todo elo conforme ao disposto no art. 5 da LPAC.

Protección de datos: Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Nigrán e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L.O. 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Nigrán poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro.

**AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN.**





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ANEXO II

D/Dna \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_

DECLARO BAIXO XURAMENTO

QUE PRESENTO XUNTO COA SOLICITUDE EXTRACTO DE MOVEMENTOS DE TODAS AS CONTAS BANCARIAS DE TODAS AS PERSOAS QUE INTEGRAN A UNIDADE FAMILIAR.

QUE O IBAN DAS CONTAS DAS QUE SON TITULAR/AUTORIZADO OS DETALLO A CONTINUACIÓN:

- 
- 
- 

Nigrán, de \_\_\_\_\_ de 20 .

**AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN.**

